

**O Lehendakari, Iñigo Urkullu, inaugurou as novas instalacións á vangarda do sector**

**EROSKI INAUGURA A AUTOMATIZACIÓN DA SÚA PLATAFORMA LOXÍSTICA EN ELORRIO, ÚNICA EN EUROPA**

- **EROSKI automatiza o 50% do tráfico e o 70% do peso xestionado na súa plataforma de alimentación para a zona norte**
- **Trátase da primeira plataforma loxística en Europa que logra automatizar tamén a loxística de botellas**
- **O desenvolvemento tecnolóxico é local, froito dun proxecto de intercooperación entre EROSKI e ULMA Handling Systems, no que, ademais, participou LKS**
- **O investimento superou os 40 millóns de euros**
- **A automatización da plataforma supón un grande avance na mellora da eficiencia interna e das condicións laborais**
- **A nova tecnoloxía desenvolvida abrirá novas liñas de negocio internacionais para ULMA Handling Systems**

**Elorrio, 24 de novembro de 2014.-** [EROSKI](#) inaugurou oficialmente esta mañá as súas novas instalacións loxísticas en Elorrio (Biscaia) cunha plataforma automatizada que incorpora tecnoloxía á vangarda do sector en Europa, desenvolvida localmente a través dun proxecto de intercooperación entre EROSKI e ULMA Handling Systems no que, ademais, participou a cooperativa LKS.

Coa modernización da instalación, que pasou a ser unha plataforma loxística xestionada como unha planta con procesos industriais "lean", logrouse automatizar a xestión do 70% do peso, un tránsito de arredor de 2.000 toneladas que pasan diariamente pola plataforma. En volume, a nova planta loxística xestionará de maneira automatizada o 50% das 140.000 caixas diarias de pícking que administra EROSKI nas súas instalacións de Elorrio, de arredor de 4.000 por hora.

Nas novas instalacións, nas que a cooperativa investiu máis de 40 millóns de euros, traballan 400 persoas para lles dar servizo a 26 hipermercados e 325 supermercados EROSKI na zona norte.

O Lehendakari do Goberno Vasco, Iñigo Urkullu, acompañado polo [Deputado Xeral de Biscaia, José Luis Bilbao, pola Alcaldesa de Elorrio, Ana Otadui, pola](#) Conselleira de Desenvolvemento Económico e Competitividade, Arantza Tapia, e [mais polo Deputado Xeral Foral de Promoción Económica e Administración Foral de Álava, José Zurita, de Biscaia, José Luis Bilbao,](#) inaugurou as instalacións nun acto ao que

---

**EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 609 386 514

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

**EROSKI - OFICINA DE PRENSA  
CONSEJEROS DEL NORTE**

ZIORTZA BERISTAIN  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[www.eroski.es](http://www.eroski.es) > [Notas de prensa](#)  
[www.consumer.es](http://www.consumer.es)

asistiron ao redor de 200 convidados, entre os que se atopaban diversos cargos da administración pública, un nutrido grupo de provedores, unha ampla representación sectorial e cooperativa e tamén directivos dos principais medios de comunicación e membros destacados do eido universitario. Os asistentes á inauguración puideron visitar a plataforma e interesáronse polas innovacións tecnolóxicas achegadas e pola mellora da produtividade, así como polas melloras acadadas nas condicións de traballo dos profesionais que desenvolven a súa actividade na planta, que viron reducir drasticamente as cargas grazas á automatización da manipulación dos produtos máis pesados.

O presidente de EROSKI, Agustín Markaide, salientou o carácter pioneiro das instalacións, referentes do sector en Europa, e subliñou *"a importancia da optimización loxística acadada con esta nova plataforma, xa que representa un paso fundamental no obxectivo de mellorar a eficiencia interna dos procesos da cooperativa. Permite chegar ás tendas o servizo que precisan e iso redonda en maiores vantaxes para os clientes, con variedades máis amplas e mellores prezos grazas a unha maior axilidade, flexibilidade e redución de custas operativas"*.

O sistema de automatización desenvolvido permite a recepción e almacenaxe de mercadoría practicamente sen manipulación ningunha dende os peiraos de descarga na que se recibe. A preparación de pedidos -pícking- tamén se realiza de xeito automatizado e o sofisticado desenvolvemento informático que xestiona todos os procesos consegue preparar os pedidos de cada tenda seguindo a orde en que os produtos se colocan en cada establecemento, facilitando a reposición e optimizando o proceso loxístico completo, dende a recepción da mercadoría na plataforma ata a súa implantación nos estantes. En definitiva, o sistema permite os procesos de recepción, almacenaxe e preparación de pedidos a tendas de xeito automático, xestionando ata 1.100 produtos distintos, recoñecidos individualmente para confeccionar os pedidos de cada tenda EROSKI seguindo unha orde optimizada segundo as propias características dos produtos (peso, tamaño, fraxilidade...), a orde de implantación segundo o plano de cada establecemento e o peso e altura máximos dos palets autorizados en cada caso.

Durante a súa intervención, Markaide tamén puxo énfase na importancia dos proxectos de intercooperación entre empresas e polos de innovación para alcanzar logros de referencia internacional que xeran vantaxes competitivas sostibles para as empresas locais.

O director xeral da Asociación Española de Codificación Comercial (AECOC), a principal asociación española que aglutina fabricantes e distribuidores, Jose María Bonmatí, destacou durante a inauguración a importancia da estandarización dos

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 609 386 514

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI - OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

ZIORTZA BERISTAIN  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[www.eroski.es](http://www.eroski.es) > [Notas de prensa](#)  
[www.consumer.es](http://www.consumer.es)

sistemas de intercambio de información entre fabricantes e distribuidores e a colaboración entre distribuidores, fabricantes e operadores loxísticos na mellora dos formatos de produto, paletización e identificación.

### **Liderado innovador no sector**

Entre as solucións máis vangardistas aplicadas no proxecto cómpre salientar a innovadora robotización que se desenvolveu na fase de preparado de pedidos das tendas e que converte a plataforma loxística de EROSKI en Elorrio na primeira de Europa que inclúe a xestión de botellas nos seus procesos automatizados. Un proceso tecnolóxico innovador propio, deseñado e desenvolvido por EROSKI e ULMA Handling Systems, que ten como principal dificultade a base tronconómica das máis das bebidas e o peor comportamento que teñen de equilibrio e de encaixe no mosaico multiproducto dos palets que conforman os pedidos das tendas. É precisamente esta tecnoloxía desenvolvida para lle dar unha solución innovadora á preparación de pedidos na que ULMA Handling Systems se basea para abrir novas liñas de negocio internacionais.

Ademais, vaise implementar tamén un proceso automatizado para o despaletizado e para todos os circuítos internos que seguen os produtos na planta loxística a través dun *sorter* e distintas almacenaxes intermedias -almacenaxe individual por caixas e secuenciación- ata a posta dos pedidos de tenda. Entre os seus principais beneficios destacan as melloras no propio manipulado dos produtos, na mellora da produtividade, na redución de erros, na estandarización do servizo, na redución de custas operativas... Ademais, mellora substancialmente as condicións laborais dos traballadores da planta loxística, xa que reduce de xeito moi salientable o esforzo físico que require a preparación manual, que implicaba para un preparador unha carga diaria de 8.000 quilos. O persoal que realizaba ata agora as devanditas tarefas foi recolocado noutros procesos de traballo na mesma plataforma loxística, dentro da reorganización total da planta loxística de Elorrio que foi inaugurada por EROSKI en 1974. As novas instalacións agrupan nos seus 41.000 m<sup>2</sup> todos os produtos alimentarios, agás frescos e conxelados, que EROSKI distribúe na zona norte. Estas novas instalacións supoñen tamén unha mellora na eficiencia enerxética da planta e un menor impacto ambiental no contorno.

### **Maior eficiencia loxística**

Coincidindo co inicio do Plan Estratéxico vixente, no 2013 arrancou a modernización da planta loxística de EROSKI en Elorrio, co obxectivo de automatizar unha boa parte do seu tráfico para aumentar a súa produtividade e mellorar as condicións laborais. Así, durante o pasado ano definiuse o deseño tecnolóxico grazas á instalación dun "laboratorio I+D" dentro das propias instalacións xa existentes.

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 609 386 514

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI - OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

ZIORTZA BERISTAIN  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[www.eroski.es](http://www.eroski.es) > [Notas de prensa](#)  
[www.consumer.es](http://www.consumer.es)

Ademais, mellorouse a capacidade de almacenaxe automática renovando o silo xa existente e construíndo un novo.

Durante o 2014 completouse o desenvolvemento da preparación automática de pedidos, que inclúe unha zona de despaletizado, dous almacéns de tránsito, un por produtos e outro para a secuenciación de pedidos, e unha liña robotizada para a composición dos palets multireferencia que constitúen os pedidos de cada tenda. Toda esta instalación está conectada a través dun *sorter* polo que se desprazan as caixas de maneira automatizada, seguindo as indicacións do software que goberna toda a planta. Tras a súa posta en marcha, o proxecto continuará a se desenvolver no 2015 para incorporar un novo módulo que automatice tamén a última fase de expedicións.

A nova plataforma loxística de Elorrio enmárcase na estratexia de transformación que está a desenvolver EROSKI dentro do seu Plan Estratéxico a 2016 e que contempla unha importante mellora da eficiencia na cadea de valor a través dunha *"rede de plataformas e transporte axustada e competitiva con solucións avanzadas á vangarda do sector"*, afirmou Alberto Madariaga, director de operacións de EROSKI. Ademais, insistiu en que *"a eficiencia na cadea de valor constitúe un aspecto troncal do noso Plan Estratéxico e unha das claves para o desenvolvemento do novo modelo comercial de tenda 'contigo', que ten unha maior esixencia loxística para reducir o stock en tenda, aumentar a variedade para unha maior liberdade de elección do cliente e reducir as custas operativas para o desenvolvemento dunha política promocional e de vinculación co cliente a través do novo EROSKI Club. Esta instalación representa un salto moi importante na optimización dos nosos procesos loxísticos e constitúe unha peza clave que reforza a oferta calidade-prezo de EROSKI"*, concluíu Madariaga.

---

**EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 609 386 514

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

**EROSKI - OFICINA DE PRENSA  
CONSEJEROS DEL NORTE**

ZIORTZA BERISTAIN  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[www.eroski.es](http://www.eroski.es) > [Notas de prensa](#)  
[www.consumer.es](http://www.consumer.es)